

## **ACTA DA SESIÓN DO TRIBUNAL CALIFICADOR DO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DUNHA PRAZA DE TÉCNICO PARA ACCIÓNS DE INFORMACIÓN, ORIENTACIÓN E BUSCA DE EMPREGO NO CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS.**

No salón de sesións da Casa do Concello de Cabana de Bergantiños, cando son as 13:00 horas do xoves 27 de agosto de 2.009, reúnen os membros do tribunal de selección de 1 praza de técnico para accións de información, orientación e busca de emprego do Concello de Cabana de Bergantiños, coa composición determinada mediante resolución de Alcaldía nº 505/2009 de 17 de agosto, estando presentes: D<sup>a</sup>. Gema Vázquez López (Interventora do Concello) que actúa como Presidenta do Tribunal, D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Elisa Fernández González (funcionaria do Concello) e D<sup>a</sup>. Silvana Facal Martínez (traballadora laboral fixo do Concello) que actúan como vogais e D. Federico M. Suárez Cancelo, (Secretario do Concello) que actúa como Secretario do Tribunal, con voz pero sen voto.

Unha vez constituído o tribunal, procedese á realización da entrevista curricular a tódolos aspirantes admitidos e que son chamados por orde alfabética. Rematada a entrevista procedese por parte do Tribunal a realizar a valoración dos méritos alegados e acreditados por parte dos aspirantes cos seguintes resultados:

<b>NOME</b>	<b>A</b>	<b>B</b>	<b>C</b>	<b>D</b>	<b>E</b>	<b>Total</b>
Andrade Lema, M <sup>a</sup> Vanesa	2,5	2	----	0,25	1	5,75
Fernández Aróstegui, Tamara	2	2	----	0,5	1	5,50
Fernández González, Laura	2,5	2	----	0,50	1,5	6,50
Fieira Lorenzo, Xosé Manuel	2	---	----	0,40	1	3,40
Lema Abelenda, Alejandra	2	----	----	0,25	1	3,25
Pérez Suárez, Jessica	2	0,6	---	0,50	----	3,10

Onde:

A = Titulación académica.

B = Formación complementaria

C = Experiencia profesional.

D = Outros méritos (galego + informática).

E=Entrevista persoal.

Polo que á vista da suma total das puntuacións obtidas nos distinto apartados, o Tribunal de selección por unanimidade dos seus membros con dereito a voto decidiu realizar proposta provisional de nomeamento (preselección) a D<sup>a</sup>. Laura Fernández González para a praza ofertada, quedando o resto dos aspirantes como suplentes no caso de posibles renuncias ou vacantes pola orde do puntuación obtida e comunicarlle o mesmo á Dirección Xeral de Colocación e Formación quen deberá dar o seu visto bo á proposta de nomeamento de conformidade co previsto no artigo 11 da orde de 30 de decembro de 2.008, D.O.G nº 13, de martes 20 de xaneiro de 2.009 e tal e como establecen as bases de selección no seu punto noveno.

Asinan os membros do tribunal en proba da súa conformidade.